

**ORGANISMO  
CONVOCANTE**

Secretaría Xeral da Igualdade

**Proced. SI429A - Axudas do programa EMEGA para fomento do emprendemento feminino.  
LIÑA EMPRENDE**

**FINALIDADE DA AXUDA**

Estimular a posta en marcha de iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino por conta propia e allea.

**RÉXIME DA AXUDA**

- Axudas de mínimos.
- Concorrenza competitiva. Criterios de valoración (máximo 100 puntos):
  - a) Emprego feminino creado por conta propia e allea. Máx. 15 puntos.
  - b) Inversión e financiamento. Máximo 15 puntos.
  - c) Contribución a integración laboral de mulleres en situación de especial protección. Máx. 10 puntos.
  - d) formación e experiencia do equipo promotor. Máx. 7 puntos.
  - e) Carácter innovador do proxecto. Máx. 7 puntos.
  - f) Utilización de factores produtivos locais e comarcais. Máx. 7 puntos.
  - g) Localización do proxecto en zona rural. Máx. 7 puntos.
  - h) Contribución do proxecto ao desenvolvemento sustentable. Máx. 7 puntos.
  - i) Iniciativa empresarial pertencente ao sector de prestación de servizos de conciliación. Máx. 5 puntos.
  - j) Proxecto pertencente a sectores económicos en que as mulleres están infrarepresentadas. Máx. 5 puntos.
  - k) Período de desemprego das promotoras superior ao mínimo exixido. Máx. 5 puntos.
  - l) Grao de elaboración e concreción do proxecto. Máx. 5 puntos.
  - m) Presentación de toda a documentación relativa o procedemento en galego e compromiso do seu uso no desenvolvemento do proxecto. 5 puntos.

**BENEFICIARIOS**

Mulleres que poñan en marcha unha iniciativa empresarial sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que se acredite a ausencia de actividade laboral derivada dunha situación legal de desemprego ou de inactividade por maternidade e/ou coidado de persoas dependentes a cargo, por un período mínimo de 3 meses inmediatamente anterior ao día primeiro do mes de alta na actividade. No caso de empresas constituídas por máis dunha muller, esta condición exíxese ao 50% das promotoras.
- b) Que se creen na empresa os postos de traballo de todas as promotoras. No caso de empresas unipersoais debe crearse ademais un posto por conta allea para unha muller.
- c) Que o inicio da actividade empresarial se produza nos doce meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- d) Que presenten un plan de empresa en que se desenvolva a planificación do proxecto empresarial concretando os obxectivos, estratexias e medios necesarios para a actividade da empresa.

- e) Que non tivesen con anterioridade actividade mercantil na mesma actividade económica para a que se solicita a axuda e que non recibisen nos últimos cinco anos axuda do programa EMEGA para a creación de empresas.

#### **INTENSIDADE DA AXUDA**

- Prima de 12.000 €, cando:
  - Se creen dous postos de traballo por conta propia para mulleres.
  - Se cree un posto de traballo por conta propia e un posto de traballo indefinido por conta allea para mulleres.
- Prima de 18.000 €, cando se creen máis de dous postos de traballo por conta propia para mulleres.
- Prima de 20.000 €, cando se creen dous postos de traballo por conta propia e un posto por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
- Prima de 22.000 €, cando se creen dous postos de traballo por conta propia e dous postos de traballo por conta allea con contrato indefinido para mulleres.

#### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Ata o 22 de xuño de 2012.